

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS PARA PALIAR OS DANOS PROVOCADOS POLAS INUNDACIÓNS A CONSECUCENCIA DO TEMPORAL DE XANEIRO DE 2023

1.- OBXECTO DA PRESENTE CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é paliar ou minimizar na medida do posible as consecuencias derivadas das inundacións producidas no municipio polo forte temporal de choivas acaecido no mes de xaneiro deste ano, mediante a concesión das correspondentes axudas económicas de carácter extraordinario e non periódico aos particulares donos ou arrendatarios de vivendas afectadas.

As axudas económicas previstas nas presentes bases están destinadas a atender necesidades derivadas da situación excepcional de emerxencia provocada polas ditas inundacións e serán de aplicación nas zonas do termo municipal de Begonte nas que efectivamente se produciron danos causados polo temporal.

2.- NORMATIVA APLICABLE.

1.-As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no non previsto nas mesmas, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS) , na Lei 9/2.007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3.- A xestión destas axudas realizarase de forma directa, en aplicación do previsto no artigo 22.2.c), en relación co artigo 28, da Lei Xeral de Subvencións, por concorrer razóns de interese público, económico, social ou humanitario.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender a estas axudas ascende a un importe total de vinte mil euros (20.000,00 €) do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 1522.480, financiado mediante os recursos propios e condicionado á aprobación definitiva da modificación orzamentaria habilitada ao efecto e actualmente en trámite.



Concello de Begonte

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento do programa.

Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitudes se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderase ampliar o crédito ata a súa cobertura total ou a do maior número delas posible.

4.- CONTÍA DAS AXUDAS

Con base no disposto no artigo 30.7 da LXS :

1.- Concederanse as seguintes contías fixas , ás persoas titulares en réxime de dominio/propiedade ou en réxime de aluguer dos inmobles/vivendas afectados :

- a).-Titulares dominio /arrendatarios empadroados e sen póliza de seguros: 1.500 €.
- b).-Titulares dominio /arrendatarios empadroados e con póliza de seguros: 1.000 €.
- c).-Titulares dominio /arrendatarios non empadroados e sen póliza de seguros: 750 €.
- d).-Titulares dominio /arrendatarios non empadroados e con póliza de seguros: 500 €.

2.- Concederase unha única axuda por inmovible/vivenda, podendo ampliarse a contía fixa anteriormente sinalada ata o esgotamento do crédito previsto.

5.- REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIO.

1.- Poderán solicitar esta subvención as persoas maiores de idade ou emancipados legalmente, e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que, ostenten un título lexítimo (en réxime de propiedade ou de aluguer) respecto de inmovible ou vivenda sito no termo municipal de Begonte e que o mesmo resultase afectado polas inundacións do pasado mes de xaneiro.
- b) Que non se atopen incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (AEAT), coa Facenda Autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.
- c) Non ter débeda algunha pendente co concello de Begonte. Este requisito verificarase de oficio polo Concello e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

Concello de Begonte

Praza Irmáns Souto Montenegro, nº 1 , Begonte. 27373 Lugo. Tfno. 982396143



6.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Dado o carácter de complementarias das axudas reguladas pola presente convocatoria, a súa concesión será compatible coas que se puideran obter de calquera outra Administración Pública e con aquelas que se perciban – no seu caso – por parte das compañías aseguradoras.

7.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal www.concellodebegonte.es e nas oficinas municipais.

2.- As solicitudes, poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Begonte no modelo normalizado sinalado no parágrafo anterior ou ben por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Begonte accesible a través do enlace <https://begonte.sedelectronica.es>. Tamén poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo ser obxecto no seu caso de ampliación.

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas da non admisión da solicitude.

8.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou no seu caso polo seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

- a).- DNI ou NIE en vigor, ou documento acreditativo da personalidade.
- b).- Documentación acreditativa do título xurídico lexítimo (propiedade ou contrato de aluguer) do inmovible afectado polas inundacións.
- c).- Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso no seu caso da axuda ou subvención.



Concello de Begonte

c) Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que o inmovible/vivenda sito en.....resultou afectado polas inundacións producidas os días de xaneiro a consecuencia da tormenta.....
- Que, o dito inmovible/vivenda sufriu os seguintes danos :.....
- Que, o inmovible/ vivenda dispón (ou non dispón) de póliza de seguros en vigor. No caso de dispoñer de póliza de seguros en vigor deberá indicarse o nº de póliza e a compañía aseguradora.
- Que, a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que, a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

9.- PROCEDEMENTO E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

1.- O procedemento da tramitación e concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e polo tanto non ten a consideración de concorrencia competitiva, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A instrución do procedemento corresponderá ao Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesaria para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación e tramitación a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria.

A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento de acordo co disposto no punto 3 da convocatoria.

Concello de Begonte

Praza Irmáns Souto Montenegro, nº 1 , Begonte. 27373 Lugo. Tfno. 982396143



Concello de Begonte

3.-O Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local comprobará, pola súa orde cronolóxica de presentación, as solicitudes recibidas.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente.

4.- Previamente a elaborar a proposta, publicaranse a efectos de notificación na paxina web municipal, as seguintes listaxes:

- a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.
- b) Persoas solicitantes que non compren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.
- c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no punto 8 da convocatoria con indicación da documentación requirida. A estas, outorgaráselles un prazo de 5 días hábiles para que emenden a súa solicitude e presentes a documentación requirida.

5.-Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local, elevará a proposta de acordo ao órgano competente (sr. Alcalde) e procederase á súa posterior publicación na paxina web municipal. A resolución de concesión e/ou denegación correspondera ao sr. Alcalde- Presidente.

6.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de dos (2) meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

10.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas:

- a) Destinar a axuda concedida aos fins obxecto da concesión.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención municipal.

Concello de Begonte

Praza Irmáns Souto Montenegro, nº 1 , Begonte. 27373 Lugo. Tfno. 982396143



Concello de Begonte

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

f) Xustificar a subvención segundo o establecido na base seguinte.

11.- XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS.

1.- O control das obrigas esixidas no punto 10 desta convocatoria efectuarase mediante a comprobación de oficio polo Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Begonte.

2.- A persoa beneficiaria das axudas, deberá presentar dentro do prazo do mes seguinte a contar a partir do día seguinte ó da notificación da concesión da subvención, a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa - acompañada no seu caso das correspondentes facturas - dos gastos efectivamente realizados (gastos de reforma ou acondicionamento da vivenda ou de adquisición / arranxo de mobiliario/enseres....etc).
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras Administracións ou Organismos e -no seu caso – das indemnizacións das compañías de seguros.

12.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

1.- O pagamento destas axudas realizarase no momento da concesión , nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Servizo xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

Concello de Begonte

Praza Irmáns Souto Montenegro, nº 1 , Begonte. 27373 Lugo. Tfno. 982396143



13.- REINTEGRO DAS SUBVENCIONS.

1.- O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexerá polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa beneficiaria poderá comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

Begonte, 8 de marzo de 2023

O ALCALDE



Concello de Begonte

ANEXO I. – SOLICITUDE DE AXUDA

AXUDAS ECONÓMICAS AOS AFECTADOS POLAS INUNDACIÓNS A CONSECUENCIA DO TEMPORAL DE XANEIRO DE 2023

D. / Dna.: _____

con NIF/NIE nº: _____ Tfno. de Contacto _____ Enderezo electrónico _____

en nome propio ou representante legal (no caso de persoa xurídica) de _____
_____ (indique o nome da persoa física ou xurídica beneficiaria), tendo coñecemento da convocatoria de axudas económicas aos afectados polas inundacións a consecuencia do temporal de xaneiro de 2023 (BOP de Lugo nº dede.....).

EXPÓN

Que, considera que reúne todos os requisitos esixidos , segundo amosan os documentos que se achegan, e acepta expresamente todos os termos da convocatoria

SOLICITO :

A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN ao abeiro das bases reguladoras das axudas convocadas ao efecto polo Concello de Begonte, para paliar os efectos do temporal de xaneiro de 2023.....

Begonte, de..... de 2023

(Sinatura do declarante)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co establecido na normativa de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, informámoslle que os datos persoais recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a fresponsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fin indicados polo Concello de Begonte. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentemento das persoas interesadas. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatario da información é o CONCELLO DE BEGONTE. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en Plaza irmáns Souto Montenegro, nº 1. 27373. BEGONTE. LUGO

Concello de Begonte

Praza Irmáns Souto Montenegro, nº 1 , Begonte. 27373 Lugo. Tfno. 982396143



Concello de Begonte

ANEXO II.- DECLARACION RESPONSABLE

AXUDAS ECONÓMICAS AOS AFECTADOS POLAS INUNDACIÓNS A CONSECUENCIA DO TEMPORAL DE XANEIRO DE 2023

D. / Dna.: _____

con NIF/NIE nº: _____

en calidade de solicitante ou representante legal (no caso de persoa xurídica) de _____
_____ (indique o nome da persoa física ou xurídica
beneficiaria), na presente convocatoria de axudas económicas aos afectados polas inundacións
a consecuencia do temporal de xaneiro de 2023,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que é titular ou arrendatario dun inmovible/vivenda no municipio de Begonte afectado polos temporais de xaneiro de 2023 .

- ✓ Que asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- ✓ Que o inmovible/vivenda dispón (ou non dispón) de póliza de seguros en vigor.
- ✓ Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- ✓ Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- ✓ Que se compromete á comunicación das axudas/indemnizacións concedidas para a mesma finalidade.

Begonte, de..... de 2023

(Sinatura do declarante)

Concello de Begonte

Praza Irmáns Souto Montenegro, nº 1 , Begonte. 27373 Lugo. Tfno. 982396143



Concello de Begonte

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co establecido na normativa de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, informámoslle que os datos persoais recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a fresponsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fin indicados polo Concello de Begonte. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentemento das persoas interesadas. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatario da información é o CONCELLO DE BEGONTE. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en Plaza irmáns Souto Montenegro, nº 1. 27373. BEGONTE. LUGO

Concello de Begonte

Praza Irmáns Souto Montenegro, nº 1 , Begonte. 27373 Lugo. Tfno. 982396143

